
CONFESIÓNS DUN ARTISTA DE MERDA

Texto de PHILIP K. DICK

Tradución de FERNANDO MOREIRAS

Ilustración de portada de ADRIÀ FRUITÓS

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 336 páx. 17 €.

Confesións dun artista de merda (galego)
ISBN 978-84-16721-59-7. Narrativa. Faktoria K.


Confessions d'un artista de merda (catalán)
ISBN 978-84-16804-80-1. Narrativa. Faktoria K.

Estou feito de auga. Pero non podedes velo porque a levo dentro. E os meus amigos tamén están feitos de auga. Todos eles. Para nós, o problema non é só andar por aí sen que nos absorba a terra, senón tamén gañar a vida. De feito, temos un problema aínda maior: non nos sentimos a gusto en ningures. Por que? A resposta é: pola Segunda Guerra Mundial. A Segunda Guerra Mundial comezou o 7 de decembro de 1941. Daquela eu tiña dezaseis anos e ía ao instituto de Seville. Tan pronto oín a noticia na radio, decateime de que ía participar nela, de que o presidente tiña a oportunidade de zumballes aos xapos e aos alemáns, e de que para iso todos teríamos que arrimar o ombreiro...

Aínda que Philip K. Dick é un dos referentes da ciencia ficción, «Confesións dun artista de merda» foi a única novela que publicou fóra dese xénero. Escrita en 1959, cando aínda non creara as súas mellores obras, non atopou editorial que lla publicase ata 16 anos despois. Ambientada na California dos anos 50, o protagonista é Jack Isidore, un tipo que non concibe o mundo como a maioría da xente, inxenuo e incapaz de diferenciar a realidade da fantasía. Tras combater na Segunda Guerra Mundial, retomou a súa afección preferida: recompilar de forma compulsiva teorías conspiranoicas e ideas estrafalarias. Por iso, Charley, o marido da súa irmá Fay, definiuno como “un artista de merda”.

Jack non se adapta á vida real e a súa irmá vese obrigada a rescatalo do caos no que vive acolléndoo no seu luxoso rancho ás aforas de San Francisco. Este matrimonio representa o auténtico estilo de vida americano, pero baixo a imaxe idílica da parella hai todo tipo de obsesións nocivas. Envolto nun vórtice de angustia suburbana do que pode que non sexa quen de fuxir, o propio Jack chega á conclusión de que o mundo está cheo de tolos, comezando por el mesmo.

Loucura e cordura, tempo e morte, pecado e salvación, a nosa percepción da realidade e as relacións persoais coas súas motivacións -que tamén son temas recorrentes nas novelas futuristas de Dick- están aquí presentes a través de personaxes indecisos, expostos á autodestrución, o egoísmo, a falta de empatía... O estilo de Dick é áxil, con abundantes diálogos, prescindindo do superfluo e afondando a cada páxina no personaxe. Non hai nada accesorio nesta sátira virtuosa, un sorprendente relato entre o cómico e o surrealista, mais tamén cun punto de traxedia.



- **Temática:** novela de ficción.
- **Destinatarios:** lectores adultos.
- **Aspectos destacables:** do autor de «[Soñan os androides con ovellas eléctricas?](#)» (Faktoria K); relato dun conflito matrimonial, ambientado nun suburbio da California dos anos 50; relacións humanas complexas, trastornos mentais.
- **Avance do libro:** <https://issuu.com/kalandraka.com/docs/confesiions-dun-artista-de-merda-g>

Philip K. Dick

(Chicago, 1928 - Santa Ana, 1982)

Autor de 36 novelas -«The man in the high castle» e «Ubik» son algúns títulos sobranceiros- e máis dun cento de relatos, a súa traxectoria literaria a nivel profesional comezou en 1952. A política e a socioloxía estaban presentes nas súas primeiras obras, derivando posteriormente cara á metafísica e á teoloxía. As revistas *pulp* foron o soporte onde se publicaron moitos dos seus textos breves, entre os que destacan «Beyond Lies the Wub» e ao que seguiron «Planet Stories». Tamén salientaron «A Scanner Darkly» e «SIVAINVI 1», nos que reflectiu parte da súa experiencia vital e os seus problemas coas drogas, a paranoia e a esquizofrenia. De feito, viviu practicamente na pobreza e só un tempo antes da súa morte recibiu o recoñecemento da crítica e do público. Non chegou a ver en pantalla a coñecida «Blade Runner», adaptación cinematográfica de «Soñan os androides con ovellas eléctricas?». Na actualidade é un dos autores máis apreciados do xénero da ciencia ficción.

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
